

Servizo de Control de Riscos Ambientais

n /ref:JFD/ asj

ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO

Asunto: Clasificación sanitaria final das zonas de baño (será vixente para a tempada 2021)

O artigo 13 do Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño indica que durante a tempada de baño todas as administracións públicas teñen a obriga de informar e difundir ao público interesado de forma activa, rápida e a través de mecanismos de fácil acceso nas inmediacións de cada zona de augas de baño, a súa clasificación sanitaria e calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse deste mediante unha sinalización sinxela e clara.

Para facilitarlle esta tarefa na vindeira tempada de baño, achégolle unha táboa coa clasificación sanitaria final na temporada 2020 das zonas de baño localizadas no seu concello:

Concello	Zona de baño - Punto de mostraxe	Código PM Eurostat	Tipo de auga	Clasificación sanitaria
Ponteceso	A Ermida	ES11100068M15068E1	Marítima	Excelente
	Arnela	ES11100068M15068C1	Marítima	Excelente
	Balarés	ES11100068M15068A1	Marítima	Excelente
	Niñóns	ES11100068M15068F1	Marítima	Excelente
	Osmo	ES11100068M15068D1	Marítima	Excelente

Nesta táboa inclúese a clasificación sanitaria calculada segundo o sistema de cálculo da Directiva 2006/7/CE.

Existen modelos de carteis que cumpren a lexislación vixente na seguinte ligazón: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Carteis-información-praias>

ou a través da seguinte ruta de acceso:

www.sergas.es > Temas > Saúde Pública > Sanidade Ambiental > Praias > Carteis de información para as zonas de baño

O artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas se se produciron cambios que poidan afectarlle á clasificación sanitaria das augas de baño. Polo tanto, se o concello leva a cabo medidas para mellorar a calidade da auga de baño, o titular debe remitir informe detallado das actuacións realizadas, que se terán en conta no cálculo da clasificación sanitaria da zona de baño.




XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Durán Loriga, 3
15003 A CORUÑA
Teléfono: 981155800 - Fax: 981155801
www.sergas.es



Pode acceder aos datos microbiolóxicos das zonas de baño da tempada 2021 a través do Sistema de Información Nacional de Augas de baño (Náyade): <https://nayadeciudadano.sanidad.gob.es/Splayas/ciudadano/indexCiudadanoAction.do> e na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Tempada-baño-Datos-controis>

A xefa territorial

Documento asinado dixitalmente por:
Francisco Javier Ferreras Díez (09/04/2021 10:03)
Cristina Pérez Fernández (09/04/2021 11:37)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-N4C4-BOAH-OF4O-TMZR-COXS-XXYB-N161-7961-0551-93>



Xacobeo 2021